

O presente documento informa daqueles acordos adoptados pola Comisión Permanente, como órgano colexiado encargado da elaboración e control do funcionamento das listas, en relación cos criterios a aplicar na interpretación do decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016, para a resolución das reclamacións presentadas polas persoas aspirantes, especialmente en relación coa aplicación do artigo 18 do Decreto 37/2006, engadido polo Decreto 124/2016, sobre posibles penalizacións.

Os acordos figuran ordenados segundo o número de acta e a data de xuntanza da Comisión Permanente na que se adoptou o criterio.

Naqueles supostos nos que un acordo posterior amplíe ou modifique parcialmente outro de data anterior, ambos, para facilitar a súa lectura, figurarán recollidos na mesma fila da táboa.

Acta e data	Temática	Acordo
Nº1 08/02/2007 Modificada Nº111 12/01/2017	Causa de forza maior por intervención cirúrxica ou internamento hospitalario.	Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado do centro hospitalario no que conste a data do ingreso hospitalario e a data de alta, se esta xa tivera lugar. Efectos da reclamación en tempo e forma: estímase a reclamación, sempre que a citación ou a toma de posesión coincida co período no que a persoa interesada permaneceu ingresada, e se cumpran os requisitos de acreditación anteriormente sinalados, suspendéndose a estas persoas por tempo indefinido a contar dende a data da reclamación e informándolles que a suspensión se manterá en tanto á persoa interesada non presente solicitude de reincorporación.
Nº1 08/02/2007 Modificada Nº111 12/01/2017	Causa de forza maior por embarazo de alto risco, proximidade do parto ou parto.	Cumprirá presentar a seguinte documentación: certificado médico no que se acrediten as circunstancias sinaladas. Efectos da reclamación en tempo e forma: estimarase a reclamación se cumpren os requisitos de acreditación anteriormente sinalados, suspendéndose a estas persoas por tempo indefinido a contar dende a data da reclamación e informándolles que a suspensión se manterá en tanto á persoa interesada non presente solicitude de reincorporación. No caso de parto, estimarase sempre e cando se atopen dentro do período obrigatorio de descanso por maternidade Nos casos de embarazo, cando as interesadas sexan chamadas para cubrir postos no CAPD de Sarria ou Redondela estimarase a reclamación, sendo suficiente con que acrediten o embarazo mediante o certificado médico correspondente
Nº1 08/02/2007	Causa de forza maior por morte dun familiar.	Entenderase causa de forza maior ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado correspondente relativo ao óbito e ao vínculo de parentesco. Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumpran os requisitos sinalados.

<p>Nº1 08/02/2007</p>	<p>Causa de forza maior por accidente de tráfico.</p>	<p>Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado ou parte da autoridade competente, garda civil, policía local...</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumbran os requisitos sinalados.</p>
<p>Nº1 08/02/2007</p> <p>Modificada Nº109 22/11/2016</p>	<p>Causa de forza maior por notificación tardía</p>	<p>No caso de notificacións mediante o servizo postal Pack 48 atenderase a data do segundo intento de notificación que deberá facerse con dous días hábiles de antelación para que a notificación sexa correcta (<i>Este redactado modificouse por acordo da Comisión Permanente recollido na acta nº109 do 22/11/2016</i>)</p>
<p>Nº1 08/02/2007</p> <p>Modificada Nº15 24/09/2007</p>	<p>Partes de baixa ou certificados médicos oficiais (tratamento específico para os efectos de suspensión de chamamentos)</p>	<p>Nestes casos cómpre presentar a solicitude de suspensión de chamamentos.</p> <p>A suspensión deberá solicitarse nos dez días seguintes a que se expida o parte de baixa de confirmación (número 1) ou ben se expida o certificado médico, esta solicitude de suspensión deberá en todo caso ter sido solicitada con polo menos un día de antelación á xeración da citación.</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: Sempre que se cumbran os requisitos sinalados con anterioridade estimarase a reclamación.</p> <p><i>Na xuntanza número 15 da Comisión Permanente de 24/09/2007 engadiuse o seguinte redactado ao anterior acordo:</i></p> <p>No caso de que as persoas que soliciten a suspensión sexan traballadores que causasen baixa laboral estando traballando polas listas deste decreto, a obriga de pedir a suspensión nos dez días seguintes á que se expida o parte de baixa deberá substituírse polo deber de presentar a suspensión nos dez días seguintes ao cesamento</p> <p><i>A solicitude de suspensión de citacións a petición dos interesados terá os efectos e se manterá no tempo determinado no artigo 15 do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016.</i></p>
<p>Nº1 08/02/2007</p>	<p>Adopción (tratamento específico para os efectos de suspensión de chamamentos)</p>	<p>Ao tratarse dunha circunstancia previsible as persoas interesadas deberán pedir a suspensión. No caso de que esta se adiante no tempo e nese intervalo se producise unha citación terán que acreditar esta circunstancia e estimaráselles a súa reclamación.</p> <p>Neste caso seguiráselle mantendo o mesmo período de suspensión agás que persoa interesada especifique un novo período.</p> <p><i>A solicitude de suspensión de citacións a petición dos interesados terá os efectos e se manterá no tempo determinado no artigo 15 do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016.</i></p>

<p>Nº3 26/02/2007</p> <p>Modificada Nº28 24/09/2008</p>	<p>Chamamentos recibidos para un mesmo día ou recibidos para distintos días sendo un deles telefónico</p>	<p>Establécese que no caso de que algunha persoa interesada reciba citacións nun mesmo día para prestar servizos en postos de traballo da mesma categoría, deberá comparecer necesariamente a un dos chamamentos. No caso de non ser seleccionado/a, deberá solicitar no mesmo acto ao órgano administrativo que faga constar a súa presenza para os efectos de non ser excluído/a da lista.</p> <p>No caso de recibir a notificación dunha citación por medio de postal <i>exprés</i> (servizo postal), se a persoa interesada recibise para un/s día/s antes unha citación telefónica anterior á do día da selección a través de postal <i>exprés</i>, deberá aceptar ese chamamento telefónico.</p> <p><i>Na xuntanza número 28 da Comisión Permanente de 24/09/2008 aprobouse a seguinte modificación do anterior acordo:</i></p> <p>A Comisión acorda que a partir desta xuntanza se aplique o mesmo criterio de xestión para todas as citacións por postal <i>exprés</i> (servizo postal) que as persoas interesadas teña nun mesmo día, independentemente se a cita é para a mesma ou distinta categoría, corpo ou escala. Isto implica que aqueles integrantes das listas que estean inscritos en varias categorías, corpos ou escalas e teñan máis dunha citación no mesmo día, poidan optar por presentarse a calquera delas, sen que isto supoña a súa penalización para a categoría, corpo ou escala á que non se presenten</p>
<p>Nº4 15/03/2007</p> <p>Ampliada Nº104 21/06/2016</p>	<p>Causa de forza maior en citación para mellora de posto de traballo</p> <p>Permisos por parto, adopción ou acollemento. Citacións para opcións de mellora.</p>	<p>Apreciarase a forza maior, para os efectos de que non sexa de aplicación o artigo 15 do Decreto 37/2006, no seguinte suposto relativo a unha citación para mellora de posto:</p> <p>Será necesario presentar a seguinte documentación: parte de baixa ou certificado de ingreso hospitalario.</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumpran os requisitos sinalados.</p> <p><i>Este acordo ampliouse na xuntanza da Comisión Permanente do 21 de xuño de 2016 no seguinte senso:</i></p> <p>As persoas integrantes das listas que estean a desempeñar un posto non vacante, se atopen disfrutando dun permiso por parto, adopción ou acollemento e lles sexa ofertado un posto vacante como mellora, caso de non compareceren á citación non lles será consumida a opción de mellora.</p> <p>As persoas interesadas deberán presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Suposto de parto: certificado médico oficial, certificado do nacemento do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia que acredite a data en que se produciu o nacemento. ■ Adopción ou acollida preadoptiva, permanente ou simple: resolución administrativa ou xudicial da adopción ou da acollida, na cal conste, se é o caso, o carácter internacional da adopción ou da acollida.

<p>Nº5 10/04/2007</p>	<p>Persoal de prevención e defensa contra incendios forestais e persoal do plan Infoga. Probas físicas.</p>	<p>Cráterios de interpretación da base novena relativa ás probas físicas da resolución do 5 de maio de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Plan Infoga (DOG núm. 89, do 10 de maio):</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Teñen que facer a proba física ou visual anualmente os seguintes integrantes das listas: <ul style="list-style-type: none"> • Admitidos en xestión (incluídos os que están en suspensión pola proba física ou visual). • Admitidos e excluídos do novo período de inclusión (1 de marzo a 15 de xullo do ano anterior). ■ Efectos da non superación ou non presentación á proba física ou visual: <ul style="list-style-type: none"> • A primeira vez que non superen ou que non se presenten á proba física ou visual quedarán en suspenso na lista durante un ano. • A segunda vez que isto sucedera quedarían excluídos da lista pola causa 72 ou 73 segundo o caso. Neste caso, para volver á lista deberán presentar unha nova instancia. • Coa presentación dunha nova instancia comezaría de novo o proceso recollido nos dous puntos anteriores. ■ Efectos da suspensión e da exclusión: <ul style="list-style-type: none"> • A suspensión pola non superación ou non presentación á proba física ou visual será polo período dun ano. • A exclusión definitiva supón que o interesado deberá presentar unha nova instancia no período correspondente para volver a estar na lista.
<p>Nº8 9/05/2007</p> <p>Ampliada Nº39 27/10/2009</p> <p>Ampliada Nº101 20/01/2016</p>	<p>Presentación a exames de procesos selectivos.</p>	<p>Ante a presentación de diversas consultas nas que persoas integrantes das listas de contratación reguladas no Decreto 37/06, informaban do feito de que recibirán citacións para a cobertura dunha praza para o 12 de maio, día no que ía ter lugar os exames dos procesos selectivos do SERGAS e que terían que renunciar xa que acudirían ao citado exame. Esta comisión acorda a despenalización dos integrantes das listas ante a presentación dunha reclamación, sempre que se dean estes supostos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que o obxecto da citación sexa a cobertura dunha praza para o día 12 de maio. • Que a persoa citada se presente o citado exame, feito que deberá acreditar coa presentación do certificado de asistencia. <p>Este criterio sería extensivo para exames doutros grupos e categorías sempre que se dean as mesmas circunstancias.</p> <p><i>En base ao anterior acordo, no que se establecía a despenalización das persoas integrantes das listas no caso de asistencia a exames de procesos selectivos do Sergas, na xuntanza do 27 de outubro de 2009 a Comisión Permanente acordou o seguinte:</i></p> <p>Se unha persoa integrante das listas de contratación temporal resulta penalizada por rexeitar ou non acudir a unha</p>

		<p>citación para a cobertura dun posto cuxo obxecto do contrato é a substitución do titular que goza do permiso dun día para acudir á realización dun exame, volverá a ser incluída na lista sempre e cando se cumpra o seguinte :</p> <p>1.- Que a persoa integrante non acuda ou rexeite á citación pola asistencia a un exame dun proceso selectivo e que o acredite coa presentación do certificado de asistencia.</p> <p>2.- Que presente unha reclamación ante esta Comisión.</p> <p>Así mesmo de forma excepcional, ante a celebración de exames de procesos selectivos convocados polo Sergas no mes de novembro e decembro e co obxecto de evitar que os reclamantes teñan que agardar ata unha nova xuntanza desta comisión, acórdase que o Servizo de Provisión sexa o encargado de comprobar que as persoas interesados presentan toda a documentación acreditativa para ser novamente incluídos na lista, reincorporándoos á lista se reúnen os requisitos e dando traslado á Comisión de dita actuación na próxima xuntanza</p> <p><i>Na reunión da Comisión Permanente do 20 de xaneiro de 2016 adoptouse o seguinte acordo:</i></p> <p>O secretario informa dunhas próximas probas selectivas en distintas categorías de persoal laboral do SERGAS que poderían afectar ás persoas integrantes das listas que desexen presentarse a estes e non podan substituír ao persoal que tamén se presente aos exames. Acórdase que nestes casos, como xa se fixera noutras ocasións, o persoal que non se presente ás seleccións será penalizado, pero esa penalización se levantará cando os afectados así o soliciten e previa xustificación da asistencia ao procesos selectivos e comprobación por parte do Servizo de Provisión, sen que sexa necesario que se reúna a Comisión Permanente á que se lle dará conta na seguinte xuntanza.</p>
<p>Nº15 24/09/2007</p>	<p>Inexistencia de listas ou integrantes para unha determinada escala e/ou categoría.</p> <p>Ámbitos limítrofes.</p>	<p>Caso de non existir integrantes nun ámbito dunha determinada lista acudirse en primeiro termo ao chamamento en ámbitos limítrofes.</p> <p>No caso de non existiren listas nunha determinada categoría ou cando esta careza de integrantes debe acudirse ao procedemento recollido no artigo 7.6 do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.</p> <p>Así: “No caso de que non se poida efectuar a citación por non haber integrantes nunha determinada lista acudirse en primeiro termo ao chamamento en ámbitos limítrofes. Se despois de intentar a citación en ámbitos limítrofes non foi posible a cobertura da praza ou no caso de inexistencia de listas para contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, deberá acudirse ao procedemento recollido no artigo 7.6 do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, salvo que, en base a causas xustificadas, debidamente acreditadas polo órgano competente para xestionar a citación, se solicite á Comisión Permanente a adopción dun acordo puntual e expreso que permita acudir a outras listas.”</p> <p>No caso do persoal funcionario interino, de non existiren listas ou non haber integrantes nela deberá solicitarse á Comisión Permanente a adopción dun acordo expreso que permita acudir a outras listas.</p>

<p>Nº29 15/10/2008</p> <p>Modificada</p> <p>Nº129 19/07/2018</p>	<p>Cómputo número de horas diarias e días de traballo realizado para os efectos de cómputo do baremo.</p>	<p>Texto aclaratorio do acordo adoptado na acta nº 4 do ano 2000 da Comisión Permanente Central, constituída ao abeiro do decreto 89/1999, e na acta nº 29 do ano 2008, con respecto ao cómputo do tempo para a aplicación do artigo 9 do Decreto 37/2006, no relativo aos servizos prestados, no que se recolle o informe remitido pola Dirección Provincial do INEM da Coruña e que a Comisión adopta como acordo:</p> <p><i>“Con independencia de cal fora o número de horas diarias de traballo realizado entenderase como día cotizado cada día traballado máis a súa parte proporcional de descanso preceptivo. Así:</i></p> <p><i>Se a actividade laboral se realiza todos os días da semana (5 ou 6 días) se considera que se cotizaron todos os días da semana.</i></p> <p><i>Para os contratos de fin de semana a cada día traballado hai que engadir a parte proporcional de descanso que lle corresponde, que se obtén multiplicando cada un destes días traballados polo coeficiente 1,4, computándose como días completos as fraccións iguais ou superiores a 0,5 días”.</i></p>
<p>Nº31 17/12/2008</p>	<p>Continuidade ocupación dun posto de traballo</p>	<p>Ratificación do acordo adoptado na acta nº 58 do ano 2000 da Comisión Permanente Central, constituída ao abeiro do decreto 89/1997, no relativo aos seguintes puntos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- O persoal laboral temporal contratado así coma os/as funcionarios/as interinos/as nomeados para a substitución por incapacidade transitoria, no caso que a persoa a que estea substituíndo faleza, se xubile, obteña unha praza nun concurso de traslados ou pida a excedencia, continuará ocupando o posto vacante. 2.- O persoal laboral temporal ou interino, de ser o caso, que estea substituíndo a un/unha funcionario/a ou laboral fixo/a por permiso maternal seguirá ocupando o posto de traballo se este solicita a excedencia por coidade de fillo/a,. 3.- Non se considerarán vacantes aqueles postos nos que os traballadores teñan dereito á reserva do posto de orixe coma poden ser adscricións temporais, comisións de servizos, traballos de superior categoría, permisos sen soldo etc ... 4.- O persoal laboral temporal ou funcionario interino que ocupe un posto de traballo con dereito a reserva de posto dos mencionados no punto terceiro, continuará ocupando o posto se este resulta vacante como consecuencia dun concurso de traslados, xubilación, excedencia, falecemento etc... 5.- Os contratos de acumulación de tarefas, realizados para cubrir as necesidades dos servizos mentres se tramita a relación de postos de traballo non se poden converter en contratos de interinidade no caso de postos de nova creación.
<p>Nº31 17/12/2008</p>	<p>Cobertura de postos de traballo de inspectores de matadoiros.</p>	<p>Nos casos en que sexa necesario a cobertura de postos de traballo dos inspectores de matadoiros en períodos moi concretos que non poden ser cubertos co persoal que en cada momento se atope inscrito nas listas de substitucións por ser este insuficiente (vacacións de Nadal, Semana Santa, días festivos acumulables, etc..), poderase substituír a varios veterinarios cun só nomeamento sempre e cando esta substitución se faga por un período continuado de tempo.</p>

		<p>Na petición que faga a consellería ás distintas delegacións para realizar os chamamentos deberá concretarse dunha forma clara e precisa que período temporal cómpre cubrir (que deberá se ininterrompido) e cales son os veterinarios a substituír, de tal forma que se poida reflectir na aplicación informática o motivo do nomeamento, a que veterinarios se vai a substituír e cal será a duración deste.</p> <p>No caso de que un laboral temporal ou interino sexa citado nun só chamamento para cubrir varias prazas e nunha das substitucións se modifique o motivo da necesidade de cobertura do posto, sendo necesario cubri-la de xeito independente (por exemplo si se fixo un chamamento para a cobertura por vacacións dos titulares e un deles causa baixa por IT sendo necesario facer unha nova citación), o seleccionado poderá optar por cumprir o resto das substitucións de xeito interrompido ou, cando se produza a interrupción na cadea de substitucións, quedar libre para ser chamado.</p>
Nº62 20/12/2011	Contratación de persoas embarazadas no CAPD de Sarria e Redondela.	Dado que estes postos están catalogados como penosos e perigosos, a integrante seleccionada poderá renunciar ao posto de traballo sen que sexa excluída na devandita lista se se atopa en estado de xestación, pero en ningún caso este motivo pode ser causa da non formalización do contrato se a interesada manifesta a súa intención de ocupar o posto de traballo.
Nº66 03/15/2012	Cambio motivo contratación.	No suposto de que unha persoa fose seleccionada para substituír ao titular dun posto durante as vacacións e antes da toma de posesión se alterase o motivo que deu lugar a necesidade da súa substitución, manterase a selección do laboral temporal ou o funcionario interino modificando a causa da substitución.
Nº71 21/11/2012	Admisión de solicitudes con listas pechadas.	Serán admitidas en listas pechadas as solicitudes daquelas persoas que superasen algunha proba do último proceso selectivo aínda que non se publicase o acto de elección de destino do persoal de novo ingreso, sen implicar isto ningunha modificación no criterio seguido para o baremo, xa que o artigo 9 a) do Decreto 37/2006 esixe que se puntúe o proceso selectivo unha vez publicado o resultado do acto de elección de destino.
Nº89 12/09/2014	Supostos de forza maior en probas físicas. Servizos de prevención de defensa contra incendios forestais e persoal do Plan Infoga.	<p>Casos de forza maior que se apreciarán na realización da proba física ou de agudeza visual a realizar en determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención de defensa contra incendios forestais e de persoal do Plan Infoga:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ ENFERMIDADE: <p>Será necesario presentar a seguinte documentación: Certificado médico ou baixa médica que acredite non estar en condicións de efectuar a proba.</p>

		<p>Efectos da reclamación en tempo e forma: Estimarase a reclamación, sempre que se cumpran os requisitos de acreditación nteriormente sinalados.</p> <p>■ EMBARAZO E PARTO: Será necesario presentar a seguinte documentación: Certificado médico no que se acrediten as circunstancias sinaladas.</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: Estimarase a reclamación, sempre que se cumpran os requisitos de acreditación sinalados.</p> <p>■ MORTE DUN FAMILIAR: Este suposto abranguerá ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Será necesario presentar a seguinte documentación: Certificado correspondente relativo ao óbito e ao vínculo de parentesco.</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: Estimarase a reclamación sempre que se cumpran os requisitos de acreditación anteriormente sinalados e a proba teña lugar durante o goce do permiso que se concede ao persoal laboral por esta causa.</p> <p>■ ACCIDENTE TRÁFICO: Será necesario presentar a seguinte documentación: Certificado ou parte da autoridade competente: garda civil, policía local...</p> <p>Efectos da reclamación en tempo e forma: Estimarase a reclamación sempre que se cumpran os requisitos de acreditación anteriormente sinalados.</p>
Nº90 21/10/2014	<p>Achega de habilitacións profesionais.</p> <p>Servizo de gardacostas.</p>	<p>As persoas integrantes das listas para o desempeño transitorio de postos reservados a persoal funcionario do corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia poderán anualmente mellorar a súa solicitude inicial achegando no prazo establecido no artigo 6.2 do Decreto 37/2006 (1 de marzo ao 15 de xullo) habilitacións profesionais non alegadas ou acreditadas con anterioridade.</p> <p>As ditas habilitacións serán gravadas no expediente e entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da lista definitiva do novo período de inclusión, momento a partir do cal o integrante estará en disposición de ser citado para aqueles postos nos que se precise a habilitación profesional acreditada.</p>
Nº111 12/01/2017	<p>Renuncias a postos discontinuos ou de xornadas iguais ou inferiores á metade da xornada ordinaria.</p>	<p>Aquelas persoas que de acordo co disposto no artigo 18 do Decreto 37/2006, modificado polo decreto 124/2016, unha vez transcorridos seis meses dende a data do inicio de prestación de servizos que figura no contrato renunciaren a seguir ocupando un posto reservado a persoal laboral con xornada igual ou inferior á metade da xornada ordinaria ou a un posto de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses, non serán excluídas dos chamamentos no caso de que lles sexa ofertado o mesmo posto ao que renunciaran no proceso de cobertura deste causado polo seu cesamento.</p>

<p>Nº111 12/01/2017</p>	<p>Situación en listas do persoal laboral temporal declarado persoal laboral indefinido non fixo en virtude de sentenza firme.</p>	<p>O persoal laboral temporal que como consecuencia dunha sentenza firme sexa declarado persoal laboral indefinido non fixo quedará dispoñible para ser chamado polas listas de contratación reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.</p>
<p>Nº113 21/03/2017</p>	<p>Opción de mellora a vacantes para persoas que ocupen postos vacantes en entes.</p>	<p>A cobertura dun posto de traballo vacante e con destino nun ente instrumental, de aceptación voluntaria para os/as candidatos/as, non implicará para a persoa seleccionada a perda da opción da mellora recollida no artigo 15 do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016</p>